

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

• MEDÍMONOS

Podedes aproveitar para facer esta proposta en **familia**. Consiste en medirvos con diferentes **materiais** que teñades por casa, e logo **comparar** quen mide máis, quen mide menos, a diferenza de medirse cun material e con outro...

Podedes usar a cinta métrica, palmos, mazás, pés, botellas de auga, moedas... Aquí pode entrar en xogo a vosa imaxinación. Podedes ir facendo unha **táboa** anotando os resultados dos membros que o fagades (así é máis fácil que vexan as diferenzas) e despois sería interesante que **verbalizáredes** as vivencias, os resultados (eu mido 7 botellas de plástico, eu mido 1 metro e 66 cm, ti mides 14 palmos e 9 pés, o que máis me gustou foi medir con ovos...).

• RESTAS

No cole estábamos a facer moitas restas, ligando esta operación matemática ó noso proxecto "Atacan os tiburóns". Desta forma, os tiburóns comían peixes, e tiñamos que describir cantos quedaban en total.

En casa podedes facer xogos de restas con **moedas, macarróns, pezas...** Así, diredes que tiñades X moedas e gastástedes Y, cantas quedan? Ou que tedes X macarróns e coméstedes Y, cantos quedan? Ou que tedes X pezas de construción e perdéstedes Y, cantas quedan? Poñeredes os elementos que usedes para que podan **visualizalos** e así resolver a operación dunha maneira máis sinxela.


Poderán ser eles mesmos os que preparen as moedas, macarróns, pezas... ou o material que usedes, para que así podan practicar ademais o **conteo**.

Podedes comezar con restas fáciles e ir complicando en función do que o neno ou nena sexa capaz. Déixovos algún exemplo a continuación:

$$\begin{array}{l} 7 - 4 = \\ 9 - 2 = \\ 5 - 3 = \\ 10 - 5 = \\ 4 - 1 = \end{array} \left. \vphantom{\begin{array}{l} 7 - 4 = \\ 9 - 2 = \\ 5 - 3 = \\ 10 - 5 = \\ 4 - 1 = \end{array}} \right\} \text{ SINXELAS}$$

$$\begin{array}{l} 20 - 5 = \\ 17 - 4 = \\ 15 - 10 = \\ 23 - 9 = \\ 30 - 11 = \end{array} \left. \vphantom{\begin{array}{l} 20 - 5 = \\ 17 - 4 = \\ 15 - 10 = \\ 23 - 9 = \\ 30 - 11 = \end{array}} \right\} \text{ MÁIS COMPLEXAS}$$

• DEBUXA E ESCRIBE O SEU NOME



• MANUALIDADE FLOR

É moi sinxela de facer esta flor, só necesitas:

- Rolo de papel hixiénico.
- Pintura, ou ceras, ou rotus... o que teñades por casa para darlle cor.
- Un pao (vale tipo dos pinchos morunos ou brochetas).



(Imaxe sacada da páxina web Pinterest)

Os pasos son moi sinxelos:

1. **Cortar** o rolo de papel hixiénico: en forma de círculo e en varias tiras.
2. Darlle **cor** ó que acabamos de cortar.
3. **Pegar** as tiras pola parte de atrás do círculo.
4. **Pegar** o pao por detrás do círculo.

Unha vez a teñades feita, só queda buscarlle un lugar especial da casa.

• PARTES DUNHA FLOR

Nesta proposta imos a traballar o nome das partes dunha flor, que vos deixo na páxina seguinte.

Os que podades imprimir:

- Recortar as palabras.
- Lelas.
- Pegalas no lugar correspondente.
- Colbrear.

Os que non podades imprimir:

- Debuxar a flor, con todas as súas partes, como a que vos deixo a continuación.
- Ler as partes da flor (están a continuación).
- Escribir ó carón de cada parte, o nome correspondente.
- Colbrear.


IMPORTANTE: Os que teñan dificultade para ler:

1. Separar a palabra en sílabas e ir lendo por sílabas.

Exemplo: PÉ TAL O


2. Se non recoñecen a sílaba, terán que recordar primeiro o son da consonante e como explota coa vogal.

Exemplo: para a sílaba PE (de pétalo), primeiro recordarán como sona a letra P, e posteriormente unir ese son da letra P co son da vogal E (P+E = PE).



PÉTALO

RAÍZ

FOLLA

TALO

• EXPERIMENTO

Cada certo tempo no cole facíamos experimentos, proposta que tanto lles gusta a todos os nenos e nenas, así que por estar na casa ante esta situación, esta costume non pode faltar.

Nos documentos **adxuntos** atoparedes o vídeo que fixo Fina para que podades practicar o experimento "**Explosión de lentellas**". Este vídeo tedes que **miralo as familias**, que non o vexan as nenas e nenos pois verán o resultado do experimento.

Actividades:

- Facer un **listado** escribindo e debuxando todo o necesario para poder realizar o experimento (os que teñan dificultades para escribir frases poden escribir palabras clave como VASO, LENTELLAS, CAIXA...).
- Facer unha **descrición** do acontecido de forma **verbal**: primeiro preparáramos o vaso con lentellas e auga, tivemos que esperar, houbo unha explosión de lentellas, gustoume/non me gustou o experimento, eu pensaba que ía pasar esto...